

TERCEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E CONCELLO DE MARÍN PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO DE MARÍN NO CONTORNO DO RÍO LAMEIRA, COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80% DO GASTO ELIXIBLE, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 E NUN 60% DO GASTO ELIXIBLE NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027.

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de Presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2022, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, María Pilar Ramallo Vázquez, alcaldesa do Concello de Marín, en exercicio das atribucións conferidas polo artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

EXPOÑEN

1. O 24.03.2021 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Marín para a execución da obra de mellora da rede de saneamento de Marín no contorno do Río Lameira, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, por un importe de 3.600.000,00 €.
2. O 27.12.2023 subscribiuse a primeira addenda ao convenio co fin de modificar o título, a cláusula terceira (obrigas xerais do concello), reducir o importe do convenio, ampliar o prazo de vixencia, reaxustar as anualidades ao ritmo previsto de execución das obras e engadir as cláusulas décimo quinta (publicidade) e décimo sexta (principio de non causar dano significativo).
3. O 30.12.2024 subscribiuse a segunda addenda ao convenio co fin de ampliar o importe do convenio, quedando as anualidades como seguen:



Anualidade	Importe
2023	345.797,62 €
2024	709.977,89 €
2025	2.561.284,85 €
	3.617.060,36 €

4. No ámbito do convenio de colaboración licitáronse os seguintes contratos:

- Contrato da obra "Mellora da rede de saneamento de Marín no contorno do río Lameira. Marín (Pontevedra)", clave OH.336.1151.PC.

Este contrato formalizouse o 17.01.2023 por un importe de 3.121.450,12 € e un prazo de execución de 12 meses dende o día seguinte a acta de implantación.

De conformidade co disposto no artigo 58.3 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto 1/1999, do 7 de outubro, ao importe polo que se formalizou e adxudicou o contrato de obra, clave OH.336.1151.PC, débese engadir o importe do documento contable de retención de crédito para facer fronte aos gastos da certificación final da obra por un importe de 312.145,01 €.

Na actualidade, está prevista a tramitación dun modificado deste contrato, clave OH.336.1151.PC, por un importe de 465.096,10 €.

- Contrato de servizo para o desenvolvemento de actividades preventivas e accións de coordinación empresarial, clave OH.736.1255.

Este contrato formalizouse o 08.02.2023 por un importe de 60.062,79 €.

Tramitouse unha prórroga deste contrato por un importe de 14.798,28 € e ampliouse o prazo de execución por tres meses, fixándose como data de finalización o 15.12.2024.

Posteriormente, tramitouse unha ampliación do prazo de execución da prestación obxecto do contrato ata o 15.03.2025.

Así mesmo, tramitouse un contrato menor do servizo para o desenvolvemento de actividades preventivas e accións de coordinación empresarial no marco da actuación denominada "Mellora da rede de saneamento de Marín na contorno do río Lameira. Marín (Pontevedra)", clave OH.336.1151.PC. Este contrato foi adxudicado o 10.03.2025



por un importe de 17.587,63 € e un prazo de execución de seis meses, do cal se está a tramitar unha ampliación.

- Contrato de servizo de apoio técnico á dirección facultativa na execución da obra hidráulica, clave OH.736.1254.

Este contrato formalizouse o 24.02.2023 por un importe de 88.330,00 €. Así mesmo, foi obxecto de dúas ampliacións de prazo e, posteriormente, tramitouse unha prórroga por un importe de 20.274,16 € na que se fixa como data de remate das actuacións o 15.03.2025.

Posteriormente, aprobouse unha nova ampliación de prazo na que se fixa como data de finalización o 15.09.2025.

5. A suma de todas as cantidades referidas anteriormente ascende a 4.099.744,09 €.

6. Tendo en conta o anterior, as partes deciden addendar o convenio para aumentar o seu importe e, en consecuencia, reaxustar as anualidades ao ritmo previsto de execución das actuacións, así como para ampliar o prazo de vixencia.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado, modificando a cláusula quinta (réxime de financiamento e obrigas de carácter económico) e a cláusula décima (vixencia do convenio) nos seguintes termos

1º. A cláusula quinta do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

"QUINTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a catro millóns novecientos noventa e nove mil setecentos corenta e catro euros con nove céntimos (4.099.744,09 €).

Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:



Anualidade	Importe
2023	345.797,62 €
2024	709.977,89 €
2025	1.543.420,62 €
2026	1.500.547,96 €
	4.099.744,09 €

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutiranse a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima indicada anteriormente.

2. A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80% do gasto elixible, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 e nun 60% do gasto elixible no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 no Obxectivo Temático 6 "Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos", Prioridade de Investimento 6.2 "Investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para dar resposta ás necesidades, identificadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá de ditos requisitos", Obxectivo Específico 6.2.1 "Culminar os requisitos da Directiva Marco da Auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga", Actuación CPSO "6.2.1.3 "Medidas destinadas á ampliación e mellora a EDAR e sistema de saneamento de Praceres", Operación "Mellora do saneamento e depuración do sistema de Praceres na ría de Pontevedra. Fase 1"; e no Programa Galicia FEDER 2021-2027 no Obxectivo Político 2 "Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible"; Prioridade 2A "Transición verde"; Obxectivo Específico 2.5 "Promover o acceso á auga e unha xestión hídrica sustentable"; Liña de Actuación 2.5.03 "Investimentos en materia de saneamento e depuración necesarios para o cumprimento das Directivas en materia de augas"; Operación "Mellora do saneamento e depuración do sistema de Praceres na ría de Pontevedra. Fase 2". Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER. Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto dos Programas do citado fondo europeo, así como as obrigas en materia de información, visibilidade, transparencia e comunicación establecidas



no documento "O uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021-2027" publicado pola Comisión Europea, na normativa comunitaria de aplicación e nas Guías de Comunicación elaboradas polo Organismo Intermedio, co obxectivo de recoñecer a axuda dos Fondos Comunitarios ao presente convenio.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos."

2º. A cláusula décima do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

"DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura por todas as partes e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2027. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio".

3º. A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas desta addenda, as partes asinan de maneira electrónica este documento.

